



## CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A DIVULGACIÓN DE INFORMACIÓN SOBRE A INVESTIGACIÓN, DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN (I+D+i) EN GALICIA NO ANO 2017

Corporación Voz de Galicia, SLU

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaria Xeral de Medios, Mar Sánchez Sierra, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios ten previsto formalizar con Corporación Voz de Galicia, SLU, o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde o 1.06.2017 ata o 30.11.2017.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Levar a cabo a produción e emisión duns programas de radio e televisión, a través dos servizos de comunicación audiovisual de Radio Voz e de V Televisión, cuxo contido vai consistir en dar a coñecer as iniciativas, proxectos e programas de I+D+i que se están a impulsar na nosa Comunidade Autónoma, especialmente na aplicación de novas tecnoloxías nos medios de comunicación social. Para un maior coñecemento da emisión destes programas farase unha promoción o suficientemente ampla no xornal en formato papel e no xornal dixital.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Este convenio pretende establecer as condicións a través das cales se vai a articular a colaboración entre a Secretaria Xeral de Medios e a entidade colaboradora para contribuír á realización duns programas de radio e televisión en relación coas actuacións en materia de investigación e desenvolvemento e innovación (I+D+i), especialmente na aplicación de novas tecnoloxías nos medios de comunicación social, que actualmente se están a impulsar en Galicia.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria,

